Viola canina L., 1753

- violeta de can
- violeta de perro
- azeri-bioleta
- viola de ca, v. de gos, v. de pastor
- heath dog-violet
- violeta-canina



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malpighiales**	**Violaceae**	***Viola***

ORIXE

Norte de África (Marrocos), as zonas temperadas de Asia, Groenlandia e Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea perenne, de 5-40 cm de altura. Caulescente, dende delgada e ascendente a robusta e erecta. Xeralmente glabra. Follas cunha lámina ovada, a anchura máxima lixeiramente por riba da base, que é cordada ou raramente truncada. Estípulas das follas medias de ata a metade da lonxitude do pecíolo, estreitamente lanceoladas, subenteiras, escasamente serrado-dentadas ou dentado-fimbriadas. Pedúnculos bracteados na parte superior. Flores inodoras. Sépalos 6-10, de 1,5-3 mm de longo. Pétalos dun azul intenso, ás veces pálidos. Ovario glabro. O froito é unha cápsula sobre un pedúnculo erecto, de 6-9 × 4-6 mm, subtrígono, obtuso ou apiculado e glabro. Sementes de 1,4-2 mm, marrón moi escuras.

HÁBITAT

Uceiras dispersas, pasteiros, en solos con humus groso ou solos turbosos, ás veces en bosques húmidos (carballos, freixos ou amieiros) ou en gretas rochosas. Acidófilo. Dende 20 ata 2400 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Gran parte de Europa (agás algunhas rexións do sur), Groenlandia, Asia Menor e norte de Asia. Espallada pola metade norte da Península Ibérica.

CURIOSIDADES

Úsase como planta ornamental e, como no caso doutras violetas, atribúenselle propiedades para tratar afeccións da pel.